



CARREIRA POPULAR CONCELLO DE VIMIANZO
CAMPIONATO GALEGO 5 KM EN RUTA
2 setembro de 2018
REGULAMENTO



CARREIRA POPULAR CONCELLO DE VIMIANZO
CAMPIONATO DE GALICIA 5 KM RUTA
2 DE SETEMBRO DE 2018

O Concello de Vimianzo a través da súa Concellería de Cultura, Deportes e Mocidade organiza o **domingo 2 de SETEMBRO DE 2018**, a partir das 10:00 horas, a **Carreira Popular Concello de Vimianzo e o Campionato de Galicia de 5 quilómetros en ruta**.

A proba disputarase sobre unha distancia de 5 km homologados pola **Real Federación Española de Atletismo (RFEA)**. A proba levarase a cabo na localidade de Vimianzo e estará baixo o control técnico da **Federación Galega de Atletismo**. As probas estarán suxeitas ao seguinte:

REGULAMENTO

1. Poderán **participar atletas federados e non federados**.
2. Haberá dúas clasificacións: unha para os atletas inscritos no Campionato Galego de 5KM ruta, e outra para os atletas inscritos na Carreira Popular Concello de Vimianzo.

3. CATEGORÍAS DE PARTICIPACIÓN

Para a **Carreira Popular Concello de Vimianzo** as categorías de competición serán as seguintes:

CATEGORIA	ANOS DE NACEMENTO
SENIOR	Atletas nados no ano 2000 ata veteranos
M1	Atletas de 35 a 44 anos
M2	Atletas de 45 ou máis anos
SUB 18	Atletas nados nos anos 2001-2002
SUB 16	Atletas nados nos anos 2003-2004
SUB 14	Atletas nados nos anos 2005-2006
SUB 12	Atletas nados nos anos 2007-2008
SUB 10	Atletas nados nos anos 2009-2010
PITUFO	Atletas nados nos anos 2011-2015

Para o **Campionato Galego de 5 km** en ruta tomaranse como referencia as categorías contempladas nos regulamentos da FGA e RFEA para probas en ruta que se publicarán de xeito previo á proba na circular do campionato na web www.atletismogalego.org



CARREIRA POPULAR CONCELLO DE VIMIANZO
CAMPIONATO GALEGO 5 KM EN RUTA
2 setembro de 2018
REGULAMENTO



4. DISTANCIAS, HORARIOS E PERCORRIDO

O percorrido da proba está homologado pola Real Federación Española de Atletismo e as marcas entrarán a formar parte do ranking galego e nacional da distancia de **5 km en ruta**.

A saída e meta estarán situadas na rúa Antón Vázquez Mouzo (a altura da Praza do Concello).

A saída da proba de 5 km **realizarase por caixóns** dependendo das marcas realizadas na distancia (só en circuitos homologados de 5 km e 10 km) que deberán marcar no momento da inscrición.

HORA	CATEGORÍA	DISTANCIA
10:00 h	Campionato de Galicia 5 Km ruta	5 km homologados pola RFEA
10:00 h	Sénior Popular	5 km homologados pola RFEA
10:00 h	M1 Popular	5 km homologados pola RFEA
10:00 h	M2 Popular	5 km homologados pola RFEA
10:00 h	SUB 18 Popular	5 km homologados pola RFEA
10:50 h	SUB 16 e SUB 14	1,2 km aproximadamente
11:00 h	SUB 12 e SUB 10	700 m aproximadamente
11:10	Pitufo	100 m aproximadamente
11:30 h	ENTREGA DE PREMIOS (Praza do Concello)	

Preme no enlace para ver o percorrido: <https://goo.gl/7QA9J4>



5. INSCRICIÓNS

Existen 3 tipos de inscricións:

5.1 Inscrición no Campionato de Galicia: Solo poderán inscribirse no Campionato de Galicia atletas con licenza en vigor. Para o Campionato de Galicia realizaranse no ligazón <https://isis.rfea.es/sirfea2/> e terán que ser os clubs os que inscriban no campionato aos seus atletas

5.2 Inscrición na Carreira Popular: Poderán inscribirse na proba popular tanto atletas con licenza como sen ela. Deberán realizar a súa inscrición a través da plataforma www.carreirasmalegas.com a partir do día 30 de xullo, con data límite o **martes 28 de agosto ás 23:59**

5.3 Inscrición combinada: Os participantes no **Campionato de Galicia de 5 km en ruta** que ademais desexen optar á clasificación da proba popular, deberán realizar a inscrición na Carreira Popular (punto 5.2)

NOTA: todos os atletas (adultos) inscritos ata o venres 24 de agosto terán garantida o agasallo conmemorativo. A partir desa data non se garantirá a entrega de dito agasallo.

PREZOS DA INSCRICIÓ

- Atletas participantes na Carreira Popular (Sénior, M1 e M2):	6,00 €
- Atletas participantes na Carreira Popular das categorías inferiores:	Gratuíta
- Atletas participantes no Campionato de Galicia 5Km ruta:	Gratuíta



CARREIRA POPULAR CONCELLO DE VIMIANZO
CAMPIONATO GALEGO 5 KM EN RUTA
2 setembro de 2018
REGULAMENTO



6. PREMIOS

Os premios consistirán en medallas e/ou trofeos e realizaranse dúas entregas de premios:

- Carreira Popular Concello de Vimianzo
- Campionato de Galicia 5Km en ruta

CARREIRA POPULAR CONCELLO DE VIMIANZO	
SÉNIOR	Medalla/trofeo aos tres primeiros e tres primeiras clasificadas
M1	Medalla/trofeo aos tres primeiros e tres primeiras clasificadas
M2	Medalla/trofeo aos tres primeiros e tres primeiras clasificadas
LOCAL	Medalla/trofeo ao primeiro e primeira atletas empadroados no concello de Vimianzo
SUB 18	Medalla/trofeo aos tres primeiros e tres primeiras clasificadas
SUB 16	Medalla/trofeo aos tres primeiros e tres primeiras clasificadas
SUB 14	Medalla/trofeo aos tres primeiros e tres primeiras clasificadas
SUB 12	Medalla/trofeo aos tres primeiros e tres primeiras clasificadas
SUB 10	Medalla/trofeo aos tres primeiros e tres primeiras clasificadas
CAMPIONATO DE GALICIA 5 KM EN RUTA	
Haberá medallas aos tres primeiros e tres primeiras clasificadas en cada unha das categorías determinadas pola FGA.	

* Os participantes nas categorías pitufo, benxamín e alevín recibirán medallas conmemorativas pola súa participación, independentemente do posto acadado en carreira.

7. RETIRADA DE DORSAIS E CHIPS

Realizarase o mesmo día da proba na **CASA DO CONCELLO**, dende as 8:30 h. ata media hora antes do inicio de cada proba. **O dorsal deberá levarse colocado na parte anterior do corpo e de xeito visible. Todo atleta que entre na meta sen o seu dorsal será descualificado.**

CRONOMETRAXE DA PROBA - CHIPS:

A proba será cronometrada polo sistema de Chips da FGA.

O CHIP ESTARÁ INTEGRADO NO PROPIO DORSAL e non será necesario devolvelo ao finalizar a proba.



CARREIRA POPULAR CONCELLO DE VIMIANZO
CAMPIONATO GALEGO 5 KM EN RUTA
2 setembro de 2018
REGULAMENTO



8. DESCUALIFICACIÓN

Todo corredor/a que incumpra as normas da competición ou as establecidas nos regulamentos **RFEA** e **FGA** en vigor referentes a probas en ruta, será descualificado a criterio do Xuíz Árbitro da competición.

TODAS AS RECLAMACIÓNS DEBERÁN SER DIRIXIDAS AO XUIZ ÁRBITRO DA **COMPETICIÓN** con prazo máximo de 30 minutos despois da publicación dos resultados da proba en cuestión.

Ao longo do percorrido, a organización establecerá os controis que estime oportunos estando autorizados para descualificar a calquera participante que incumpra as ditas normas de competición ou que cometa algunha irregularidade atentando contra a seguridade individual ou colectiva durante a proba. Así mesmo O servizo médico da competición está facultado para retirar durante a proba a calquera atleta que manifieste un mal estado físico.

9. OUTRAS CONSIDERACIÓN

S REGULAMENTARIAS

9.1 A proba rexerese pola **regulamentación de Seguridade Vial do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia**, que establece os requisitos esixidos para a celebración de probas deportivas na vía urbana (Real Decreto 1428/2003 do 21 de novembro, publicado no BOE nº 306 do 23 de decembro de 2003 sobre a ocupación da vía pública; e o Real Decreto 849/1993 do 4 de xuño de 2003, sobre a contratación do seguro de responsabilidade civil e de accidentes).

9.2 Os atletas estarán amparados por un seguro de responsabilidade civil e un seguro de accidentes da FGA.

9.3 A proba contará cos servizos sanitarios esixidos na lexislación vixente: 1 ambulancia e 1 médico.

9.4 Os únicos vehículos que poderán seguir a proba, serán os autorizados pola organización.

9.5 Toda persoa que corra sen estar inscrita, farao baixo a súa responsabilidade e non poderá participar de trofeos nin obsequios. Tampouco estará amparada polos seguros da proba.

9.6 Os atletas que durante o transcurso da proba, circulen por fóra do espazo delimitado polos vehículos de sinalización de inicio e fin de carreira, considéranse a todos os efectos usuarios normais da vía.

9.7 A organización da proba resérvase o dereito a modificar horarios e ou percorridos, así como aprazar ou suspender a carreira se así o estima oportuno por razóns de seguridade.

9.8 Haberá servizo de duchas a disposición dos atletas no Pavillón Polideportivo de Vimianzo.

9.9 Haberá servizo de gardarroupa.

9.10 O atleta inscrito declara que está en bo estado físico e ten pasado os pertinentes recoñecementos de saúde.



CARREIRA POPULAR CONCELLO DE VIMIANZO
CAMPIONATO GALEGO 5 KM EN RUTA
2 setembro de 2018
REGULAMENTO



9.11 O atleta inscrito autoriza e acepta a publicación do seu nome e apelidos e a súa imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e internet,(...) para a promoción do deporte. Calquera persoa inscrita poderá prohibir a utilización da súa imaxe previa solicitude expresa por escrito.

9.12 A proba estará sinalizada con puntos quilométricos e haberá servizo de avituallamento ao finalizar a proba.

9.13 Os/as atletas adultos recibirán un agasallo conmemorativo do evento no momento da recollida do dorsal. Só terán garantido o agasallo aqueles atletas inscritos ata o venres 24 de agosto.

9.14 A participación implica a total aceptación deste regulamento, e o descoñecemento do mesmo non exime do seu obrigado cumprimento.